


Xunta de Galicia

O Conselleiro de Pesca
e Asuntos Marítimos



Enrique César López Veiga

Santiago, a 23 de decembro de 2002

Estimados amigo:

Como ben coñecerá, vense de asinar un "proceso verbal de acordo entre Marrocos e España", para concreta-la xenerosa oferta, realizada día atrais, polo Rei de Marrocos, Mohammed VI.

Esta oferta, basease nas seguintes características

1. **Número total de embarcacións:** 64 unidades
2. **Tipoloxía dos buques:**
 - Artesanais: 15 unidades (arquero máximo 80 TRBs)
 - Cerqueiros: 25 unidades
 - Palangreiros: 20 unidades (coa prohibición de pescaren crustaceos)
 - Arrastreiros: 4 unidades (para a pesca de merluza negra, cun 10% de capturas incidentais)
3. **Inicio das posibilidades de pesca:** o vindeiro 15 de xaneiro de 2003
4. **Duración do protocolo:** 3 meses prorrogables e función da evolución da situación.
5. **Taxas e cánones:** polo carácter excepcional da situación, estarán exentos de calquera taxa ou cánon.
6. **Desembarques:** polo carácter excepcional da situación, estarán exentos da obriga de descarga-las capturas nos portos de Marrocos
7. **Tripulacións marroquinas:** polo carácter excepcional da situación, estarán exentos da obriga de embarcar tripulantes marroquinos.

Como pode comprobar e dada a urxencia de planifica-la presenza de buques galegos en augas marroquinas, é polo que lle solicito, **que antes do 3 de xaneiro de 2003 (plazo improrrogable)**, comunique a esta Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, que embarcacións afiliadas/asociadas a esa confraría de pescadores/asociación de armadores, estarian interesadas en atende-lo ofrecemento de Marrocos e acudir a pescar naqueles caladoiros.

Sen outro particular,